

# MISA CON NENOS

## 22 de xaneiro 2017

### ORDINARIO 3º-A



**Mateu 4, 12-17: Chamou a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán.**

Mensaxe: **Como a Xoán, Pedro e Santiago ...**

**Xesús diche: "SÍGUEME!"**.

## 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:



Benvidos todos ao encontro dominical desta comunidade parroquial no terceiro domingo do tempo ordinario. Xesús comeza a súa predicación elixindo os apóstolos, dilles: **"Vinde e seguideme"**. Eles, deixándoo todo, ségueno e realizan unha misión: anunciar o Evanxeo, dar a boa nova do Reino. Tamén a nós nos chama Xesús, a cada un polo noso nome, para levar a cabo a nosa vocación no mundo, sendo dos seus, deixando estorbos, anunciando a mensaxe do Reino.

**Nesta semana de oración pola Unidade das Igrexas pedimos que os que seguimos a Xesús teñamos un mesmo pensar, un mesmo sentir, vivamos unidos. Que esta eucaristía renove e fortaleza a nosa esperanza.**

Hoxe a Igrexa celebra o día da **Infancia Misioneira**, é dicir, o día que os nenos recordan que son misioneiros. Pedimos ao Señor que, tal como nos di o lema deste ano, **"sígueme"**, os nenos e os maiores vaíamos tras de Xesús, nos fagamos os seus amigos, e vivamos unidos a todas as xentes do mundo.

*(Pódense colocar nun sitio visible unha rede da que colga unha frase "ven e ségueme" e peixes de distintas cores cos nomes dos nenos)*

**No nome do Pai... Deus, que en Xesús, nos mirou con amor e nos invita a segui-lo, sexa convosco ...**

## 2. PERDÓN

**Aceptamos a invitación do Señor a converter os nosos corazóns e pedimos perdón porque non sempre somos construtores de unidade, de paz e de solidariedade.**

- Ti, Xesús, que é a luz e nos invitás á conversión. **Señor, ten piedade de nós.**

- Ti, Xesús, que nos chamás a seguirte, a ser os teus apóstolos, os mensaxeiros do reino. **Cristo, ten piedade de nós.**

-Ti, Xesús, que nos chamás para facer un mundo mellor e a anunciarte a todos. **Señor, ten piedade de nós.**

## 3. PALABRA DE DEUS

Na primeira lectura, **Isaías** ve a presenza de Deus no medio da historia, unha presenza de luz e de alegría. No **Evanxeo** Xesús de Nazaré preséntase como a Luz vinda de Deus que ilumina a todo home; para acoller esta Luz é necesaria unha continua conversión, ir abandonando os ídolos e posturas de morte, e estar orientados á novidade do reino, para continuar a misión de ser testemuñas do que Deus nos ofrece. As palabras de **S. Paulo** deberían de axudarnos a medrar en sentimentos de paz e de unidade.

## 4. PETICIÓNS:

*Oremos a Deus Pai, pedindo hoxe especialmente pola unidade dos cristiáns. Oremos dicindo:*

**-Pai, que vivamos unidos.**

**1. Por todos os que creemos en Xesucristo.** Que o sigamos de todo corazón nas nosas vidas e deamos sempre un bo testemuño da nosa fe. **Oremos.**

**2. Polas distintas igrejas cristiás.** Que valoremos o esencial que nos une para poder avanzar así cara á plena comunión. **Oremos.**

**3. Polas nosas familias e pola nosa sociedade,** dividida por guerras e discordias. Que os cristiáns sexamos instrumentos de unidade, de concordia e de paz. **Oremos.**

**4. Polos nenos do mundo.** Que sintan a alegría de ser amigos de Xesús, o queiran e o sigan. **Oremos.**

**5. Polos que nos dicimos cristiáns.** Que nos sintamos chamados por Xesús para continuar hoxe a súa misión levando a súa luz, o seu amor e a súa fe aos nosos ambientes. **Oremos.**

**6. Polos misioneiros.** Para que haxa sempre moitos, que os axudemos no seu traballo de mellorar o mundo. **Oremos.**

**7. Pola nosa comunidade parroquial.** Que vivamos a Eucaristía como unha verdadeira festa, un encontro entre irmáns, e non un rito sen calor humana nin compromiso. **Oremos**

*Grazas, Señor, porque día a día es luz no noso camiño. Que sempre busquemos esa luz e así llela amosemos aos demais. Por XCNS.*

## 5. OFRENDAS

- **CARA DE XESUS E “VEN E SÍGUEME”:** Ao entrar no templo déronnos de parte de Xesús unha mensaxe “ven e sígueme”. Os que esteamos dispostos a segui-lo e ser os seus discípulos colocamos o noso debuxo nunha cesta xunto ao altar.
- **UNHAS BOTAS:** Xesús invítanos a camiñar xunto a el, ao seu lado neste camiño tan xenial que é a vida. Para iso imos preparar ben as botas da xenerosidade e da axuda aos demais e imos intentar que as botas vaian fortes e lixeiras para saltar as dificultades da vida.
- **PAN E VIÑO:** Achegándonos a Xesús na eucaristía e na oración lograremos vencer os estorbos para ser do grupo de Xesús, anunciando a todos e ser as súas testemuñas.



## 6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Ord-3ªA

- Mt. 4, 12-23, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=C0Tn1GhTtI4>
- Mt. 4, 12-23, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=5Kh728WneI8>
- Mt. 4, 12-23, película: <https://www.youtube.com/watch?v=5KCJODQStak>
- Canto, Ven e sígueme: <http://www.youtube.com/watch?v=nZH8WpCwNO0&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- Convértete, reflexión: <http://www.youtube.com/watch?v=z0CqCkXxQwI&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- Sigue a luz, reflexión: <http://www.youtube.com/watch?v=XfYLT-3k4Oc>

### Para Santa Infancia:

- A revolución de Jeferson: <http://www.youtube.com/watch?v=adx-VFnQH1c>
- A revolución de Jeferson, para traballar: <http://www.omp.es/OMP/multimedia/guiones/infanciamisionera2014.pdf>
- Decálogo dun neno misionero <http://www.youtube.com/watch?v=pdjs8WcK5-0>

## 6. ORACIÓN NA CAMPAÑA DA INFANCIA MISIONEIRA

Como aos teus amigos Pedro, Santiago, Mateu...,  
Ti dixéchesnos a cada un: "Sígueme".

E puxémonos en marcha.

Queremos seguirte  
aprendendo a amar como Ti amas,  
sendo agradecidos, alegres e xenerosos.

**Queremos seguirte**  
coñecéndote mellor, escoitando a túa Palabra,  
falando de Ti aos nosos amigos.

**Queremos seguirte**  
rezando por todos os nenos do mundo,  
axudándoos e deixándonos axudar por eles.  
Pedímoslle á Virxe, Raíña das Misións,  
que nos acompañe no camiño. Amén.  
que nos acompañe en el camiño. Amén.

